

VILAR DE DONAS



“es Vilar de Donas el COMPLEJO más emblemático de la RUTA JACOBEA en su tramo lucense” (Delgado Gómez, J., El románico del Camino Francés de Santiago, p. 317).

Poucas veces os topónimos lle renden homenaxe ás mulleres como é o caso da parroquia que nos ocupa, hai algún outro exemplo na Ulloa como é Val de Donas en Santa María de Marzán ou Outeiro de Donas en Fente pero non é o máis frecuente. Excursos feministas aparte, sabemos que durante a Idade Media o único xeito que tiña a muller de librarse do matrimonio imposto era o seu ingreso nun cenobio feminino onde dalgunha maneira se podía “realizar” a si mesma sen a obrigaón do xugo marital (Baliñas, C., *Gallegos del año mil*). Así, mulleres da clase nobre convertéronse en fundadoras de pequenos mosteiros familiares. Segundo a crenza popular, e, dalgúns aínda quedan referencias en documentos, abundaron pequenos mosteiros na área circundante a Vilar de Donas. A tradición sinala o de San Martiño en Santiago de Mosteiro de Devesa, o de Eirexe en Ligonde (de ningún destes dous coñecemos documentos ata o momento) o da Pena da Merla en Carteira ou o de San Fiz do Hermo (estes dous reciben a cesión dunha propiedade de Ligonde no ano 956, os doantes son Osorio Vestráriz e Teoduli Pépiz, en Vázquez Saco, F. PAPELETA 144, T. VI, pp. 62-64).

Teríamos que falar de varios períodos vitais na historia de Vilar de Donas canto a vestixios históricos conservados:

-Sábese da súa ocupación prehistórica pola conservación de varias medorras no Monte das Cavoucas e nas inmediacións de Ximonde.

-Dous castros (O Castro e Castrovilar) forman parte tamén dos territorios da parroquia e dan conta do seu pasado prerromano.

-Nos primeiros séculos desta era (alto medievo), momento en que xurdiu o primeiro núcleo cristián na contorna do Vilar orixinouse o primitivo cenobio que pasou a mans santiaguistas no XII. Posiblemente contemporáneo a este cenobio sería a capela que noutroa se situou na Ermida, da que na actualidade non queda senón o topónimo.

-Dende finais do XII, momento que concide coa construción da igrexa e a vida activa da orde santiaguista en Vilar de Donas dende onde exercían o seu dominio tamén sobre os lugares próximos (Cubelo, Mosteiro, Berbetouros, A Ribeira...) e aínda doutros moi afastados, este complexo pertenceu á orde de Santiago, ata que no 1746 pasou a depender de San Marcos de León. Coa desamortización de Mendizábal converteuse en igrexa parroquial da freguesía de Vilar de Donas ata o día de hoxe.

O IGREXA-MOSTEIRO SANTIAGUISTA

A razón de ser das ordes militares débese a esa ideoloxía do Medievo de defensa da cristiandade e especialmente dos itinerarios de peregrinación ben dos santos lugares de Xerusalén, ben dos que conducían a Roma ou a Santiago. Os monxes-militares vivían nas inmediacións dos camiños, principalmente naqueles de peregrinación. En moitas ocasións achábanse nos mesmos e, noutras, lixeiramente desviados. Así, na bisbarra defendían o libre paso de viaxeiros en Ligonde benedictinos (Ferreira de Pallares) e templarios, en Marzán templarios, en Fente a orde residente en Sobrado e en Vilar de Donas os santiaguistas. De todos é sabido que non circunscribían a súa protección exclusivamente ao lugar no que se situaban senón que a súa influencia era exercida nunha contorna de varios quilómetros.

No caso concreto de Vilar de Donas, despois de que a Xunta de Galicia aprobara como único itinerario oficial do Camiño Francés aquel sinalado por Elías Valiña Sampedro, que dende Ligonde pasa por Lestedo, o Rosario e Palas; provocou cunha variante real de peregrinación como é a que transcorre dende a Eirexe de Ligonde polo Castro, inmediacións de Ximonde, Vilar de Donas, Santa Mariña e Palas de Rei fora descartada malia contar cun abundante uso histórico. Esta é a razón pola que Vilar de Donas, un fito no camiño de peregrinación e a súa razón de ser, quedou afastada do mesmo, feito que algúns tentan xustificar coa pretendida explicación de que os monxes precisaban situarse afastados para ter a tranquilidade precisa para a oración, ignorando así a memoria viva dos residentes no lugar que aínda recordan o camiño de Vilar de Donas transitado e, aínda máis, obviando a vía de peregrinación que se segue a conservar.

En Vilar de Donas residían os monxes-cabaleiros e tamén se constituía en mansión eterna pois foi elixido como lugar de soterramento para todos os *milites* santiaguistas do territorio galaico:

Vilar de Donas adoptará las costumbres y reglas de la milicia nuevamente constituida, se erige en casa capitular y se la designa como sepultura general para los caballeros que vivían en los conventos de Galicia [...] los caballeros harían vida común, en obediencia y castidad, y sin tener cosa propia (V. Saco).

Do conxunto mosteiral “doutroira” só permanece intacta a igrexa, declarada Monumento nacional no 1931. Podemos describirla como de estilo románico malia que nela asoman xa algúns trazos protogóticos como se pode ver nos arcos, nas bóvedas ou na decoración. A espadana é barroca. Presenta planta de cruz latina dunha soa nave rematada nunha tripla ábsida. Os investigadores datan esta parte absidal como a máis antiga e da época na que tomaron o dominio os santiaguistas no 1184. A ábsida central é en bóveda de canón e cuarto de laranxa, con arco de acceso de medio punto lixeiramente rebaixado sobre columnas con capiteis vexetais e encadrado por outro arco exterior. Á altura das basas concide cun banco rematado en aresta de baquetón que rodea todo o cruceiro e aínda a ábsida. Destacan as alacenas-sagrario con remate en arco de medio punto e aresta en *baquetón*. Todo o interior da ábsida posúe unha dobre liña imposta en xadrezado.

Os muros da ousia presentan tres vanos tamén en arco de medio punto. Outro tanto pasa cos arcos que dan entrada ás absidiolas laterais, con impostas de bolas e baseamentos tóricos. Están cubertos con bóveda de canón semicircular.

No transepto apréciase a bóveda de crucería sobre a intersección das naves para formar a cruz latina. Concentra o peso da bóveda en catro puntos, os que á súa vez descansan sobre estilizadas columnas sobre as que arrancan os catro arcos de dobre arquivolta de sección rectangular con semicolumnas incrustadas no muro, con chapiteis de esveltas follas. A altura e estilización de dita bóveda leva aos distintos estudiosos a falar máis dun protogótico ca dun románico puro.

A cada lado do transepto cadansúa bóveda de canón suxeita da cuberta. Dan luz sendas ventás seteiras.

No interior hai profusión de chapiteis con motivos vexetais e xeométricos, lonxe dos historiados que tiveran a súa época nun románico pleno.

É de grande importancia a porta sur que se abre fronte ó arco de entrada a ábsida lateral, comunicaba a igrexa co mosteiro. Presenta unha inscrición que se interpreta como a de construción do templo. Foi descodificada como: Era mil douscentos sesenta e dous e día das idus de outono (ano 1224 da era hispánica, 15 de outono).

Exteriormente destacaremos a tripla arcada oxival que da paso dende o atrio ao templo e o singular *frontis* en cuxo centro atopamos a porta principal de arco abucinado enmarcada por catro arquivoltas de medio punto sobre tres pares de columnas de fuste monolítico, a primeira decorada en baquetón e finos talos, dela colga coma se de florón se tratara un *pinjante* con roseta circular na cara inferior; a segunda similar á anterior pero co borde externo en cinta xadrezada; a terceira con decorado zigzagueante; a cuarta co decoración vexetal de ponlas e capullos agás unha das dovelas centrais que presenta un anxo con cartela. Os chapiteis son variados, os externos vexetais e os demais con figuración humana ou mitolóxica (harpías). Todo o conxunto está enmarcado por un arco de medio punto sobre liñas impostas decoradas por rosetas de follas e ceñido por pilastras que se dispoñen paralelas ás columnas e recortando o espazo ao “tornachoivas” da cornixa que se eleva sobre oito finos arquiños.

A idéntica altura da ábsida ca nave transversal é unha singularidade estraña entre os templos románicos da bisbarra. Catro contrafortes dividen a cabeceira ou tambor en cinco partes. As tres ventás presentan arco de medio punto moldurado e pequenas bolas na escocia e media caña, sobre columnas monolíticas sobre baseamento ático e chapiteis de decoración vexetal.

As absidiolas laterais son de menor altura e volume cá central. A capela sur está aliñada ca central, mentres ca norte parece unha adealla, ademais non posúe as mesmas columnas e capiteis.

Os canzorros que se sitúan antes da teitume da parte posterior son tipo quilla, caveto ou bola.

No muro norte da nave cinco ménsulas e os correspondentes perpiaños máis saídos ao exterior có resto da parede indican a existencia dun pórtico para albergar aos fieis que entraban ou saían pola porta lateral. Tamén existía soportal no *frontis* tal como se deduce da entalladura como a dúas augas que se aprecia no muro e os perpiaños máis afora sobre o mesmo.

A pía bautismal é representativa da orde que habitou o Vilar, presenta a cruz de Santiago gravada na cunca e veneras xacobeas no pedestal.

As tres imaxes pétreas que fai unhas décadas se situaban sobre o “tornachoivas” son as efixies de San Miguel cunha balanza e o demo a carón, San Bartolomé quen porta a súa propia pel e terma dunha criatura mítica e a Virxe María en posición semisedente co meniño. Leva un cetro o que nos permite deducir que é unha advocación da Virxe como *Regina*.

As ferraxes da porta principal pertencen ao Alto Medievo e son similares ás da porta norte da catedral de Lugo, ás da principal de Meira, ás da porta norte de San Salvador de Sarria. A técnica seguida consiste en ir traballando o ferro na zafra axudados polo lume e o martelo ou un batán. O resultado está á vista, motivos arqueados e foliáceos de gran beleza estética perduran ata o día de hoxe.

O baldaquino de Vilar de Donas sitúase no brazo setentrional do transepto. Está realizado en pedra, posúe catro columnas, arcos *conopiales* e deprimidos e cuberta a catro augas. O seu trazo máis salientable é atoparse coronado por unha representación do castelo de Pambre. É de estilo gótico flamíxero, de finais do XV. Na fronte as figuras de San Pedro e San Pablo, no lado esquerdo un anxo e no dereito dous.

As **cruces de consagración** rebaixadas nos perpiaños aparecen espalladas por diferentes partes da edificación. Son principalmente cruces de Malta, de boa labra. Algunhas incluso conservan a policromía.

O retablo pétreo. Retablo do século XVI, de estilo renacentista, posiblemente pertencente ao fondo dunha mesa de altar, realizado en pedra e en baixorelevo. Presenta dúas partes divididas por un cáliz. A primeira delas mostra unha Piedade co Xesús morto nos brazos. Ao seu carón están Xosé de Arimatea e outros personaxes, algúns deles son mulleres. Ao fondo está a cruz e algúns dos elementos do martirio. A segunda estampa é do Xesús resucitado admirado por un sacerdote con vestimenta gótica e un axudante alumando.

As pinturas murais que se sitúan no interior da ábsida recubren os paramentos do mesmo, foron datadas polo historiador A. Sicart (*La Pintura Mural en el Gótico gallego*) nunha fase moi tardía do estilo gótico.

Nun dos arcos feixóns previo á bóveda de cuarto de esfera pode lerse a seguinte inscrición: “NO ANO DE MILL CCCC XXXIV (ANOS) PETRUS NUNII (o MUNI) DE TURIS (o BURIS) ME FECIT”.

Trátase de pinturas ao fresco nas que as cores se sitúan sobre o morteiro que recubre os perpiaños. Tecnicamente caracterízase por un trazo inseguro e a ausencia de dominio do espazo tridimensional.

Algunhas das imaxes representadas son:

- O Pantocrator. Sitúase no centro inferior da cúpula absidal. O Cristo aparece dignificado por outras figuras bíblicas.
- A Anunciación co arcanxo San Gabriel e a Virxe María.
- Xesús Salvador e outras figuras sobre as que non hai uniformidade de criterios á hora de identificalas.

Os restos sepulcrais. No interior do templo albérganse varios restos da rica necrópole santiaguista. A razón non era outra máis que Vilar de Donas era o lugar de enterramento dos frades cabaleiros galegos. Algunha coma a de Arias Noguerol son de gran suntuosidade.

O retablo barroco. No brazo dereito da igrexa un retablo barroco realizado en madeira policromada ten sido datado coma de finais do S. XVII.

PAZO DE PIÑEIRO

Casa grande fundada por Diego Sancho de Ulloa (Yebra de Ares) casado cunha neta de don Pedro Arias, Conde de Monterroso. O último descendente desta familia que poseeu a casona foi don Antonio Salgado López quen o vende a unha familia labrega, os Blanco Vila no ano 1908.

Sobre a porta principal locen as armas dos Rivera, os Gaioso, os Piñeiro, os Ulloa e os Varela. No tímpano o escudo dos Piñeiro.

A CAPELA DE VILAR DE DONAS

Conta a lenda popular que os veciños de Vilar de Donas fartos de que os *Milites Christi* lles prohibiran a entrada na igrexa mosteiral ao non gozar do requisito de dignidade nobiliar decidiron edificar a súa propia capela e, malia non contar coa suntuosidade da do priorato, permitíalles ter un espazo de recollemento, oración, celebración e recibir alí os diferentes sacramentos cristiáns.

OUTROS DATOS

No ano 1927 unha fenda no muro da ábsida ou presbiterio levou consigo parte dun dos muros do brazo norte do cruceiro.

No lugar de A Lamparte consérvase unha gruta de orixe natural denominada O Forno dos Mouros. A carón dela relátanse diferentes lendas coma a que mantén que é o fogar dunha moura moi bela que se deixa ver nos días de moita treboada metida nun caixón e rodeada dunha música de gran beldade, tal como se conta tamén das sereas e aínda que é posuidora dunha grande riqueza ata o de agora non apareceu un afoutado capaz de desencantala.

BIBLIOGRAFÍA

- BALIÑAS, Carlos, *Gallegos del año mil*. A Coruña: Fund. Pedro Barrié de la Maza, 1998.
- DELGADO GÓMEZ, Jaime, *El románico de Lugo y su provincia*. A Coruña: Edinosa, 1999.
- FREIRE CAMANIEL, José. *El monacato gallego en la alta edad media*. A Coruña: Fund. Pedro Barrié de la Maza, 1998.
- NOVO CAZÓN, José-Luis. *El priorato santiaguista de Villar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. A Coruña: Fund. Pedro Barrié de la Maza, 1986.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier. *Mosteiros de Galicia na Idade Media*. Ourense: Dep. Provincial de Ourense, 2008.
- VÁZQUEZ CASTRO, Julio. *La capilla funeraria de los Piñeiro en el priorato Santiaguista de San Salvador de Vilar de Donas*. Separata de "Compostellanum" Vol. XXXVI. N. 3-4. Santiago, 1991.
- VÁZQUEZ SACO, *Boletín de la Comisión provincial de monumentos de Lugo*.
- YEBRA DE ARES, ANTONIO, *Monterroso pasado y presente*, Diputación provincial de Lugo, 1987.

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS